

**A N U N C I O**

Aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 30.08.2013, expediente de modificación presupostaria 14/13, por suplemento de crédito 1/13, exponse ao público en cumprimento do disposto no artigo 169 do T.R.2/2004 da Lei reguladora de Facendas Locais, por prazo de 15 días, contados desde o seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP, durante o cales, os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

Dacordo co disposto no artigo 169.1 do T.R.2/2004 da Lei reguladora de facendas Locais, e tal e como se recolle expresamente no acordo de aprobación inicial, de non presentarse reclamacións en prazo, se elevará a definitivo o acordo inicial, debendo publicarse, resumido por capítulos no BOP, para a súa entrada en vigor.

En Oia, a 3 de setembro de 2013.—O Alcalde, Alejandro Rodríguez Rodríguez.

2013007932

* * *

PONTEAREAS**A N U N C I O**

Ao non producirse reclamacións contra a aprobación inicial das seguintes modificacións de ordenanzas fiscais municipais, aprobadas pola Corporación Municipal en sesión plenaria do 9 de xullo de 2013 quedan elevados os acordos a definitivos, cujos textos íntegros son os seguintes:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSEINANZAS ESPECIAIS (ASPRODICO)
NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO**

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 do RDL 2/2004, polo que se regula o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do RDL 2/2004, polo que se regula o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de ensinanzas especiais (Asprodico) nos establecementos docentes municipais.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a seguinte:

Exploración e Diagnóstico:

– Usuarios do servizo	0€
– Usuarios externos	19,66€

Orientación familiar:

– Unha sesión quincenal (2 sesións o mes)	8,95€
– Unha sesión semanal (4 sesións o mes)	17,93€

Logopedia, atención temperá e apoio psicopedagóxico:

– Unha sesión semanal (4 sesións o mes)	17,93€
– Dúas sesións semanais (8 sesións o mes)	35,85€
– Tres sesións semanais (12 sesións o mes)	53,78 €

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro, previo informe da traballadora social que indique que non é por motivos económicos.

No caso de que existan cotas pendentes de pagamento, esta débeda poderá esixirse pola vía de apremio a través dos servizos de recaudación da Deputación (ORAL).

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Terán unha dedución do 100% aqueles usuarios con ingresos ou renda familiar inferiores ó 85% do salario mínimo interprofesional.

O segundo irmán terá unha dedución do 20% no coste dos tratamentos de dous ou mais sesións semanais. Para o terceiro irmán e seguintes a dedución será do 50%.

ARTIGO 7º. PERCEPCIÓN

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixi-lo depósito previo.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presta-la solicitude de prestación para o primeiro período de liquidación, nos sucesivos liquidarase ó inicio de cada período previo (os períodos de liquidación veñen establecidos nas tarifas desta taxa días, meses, curso académico, etc.)

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade en cada un dos períodos de liquidación(días, meses, curso, etc., consonte o disposto na tarifa da taxa.)

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionado por infracción tributaria.

ARTIGO 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou da realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou da realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do RDL 2/2004, polo que se regula o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, estará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”–

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS NO CONSERVATORIO DE MÚSICA
DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 do RDL 2/2004, polo que se regula o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais (T.R.L.R.F.L.), e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do RDL 2/2004, polo que se regula o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais (T.R.L.R.F.L.), este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos no Conservatorio municipal de música.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.